

REAL ACADEMIA GALLEGA

UN CASO DE LYCANTROPÍA
(O HOME-LOBO)

DISCURSO LIDO O DÍA 23 DE FEBREIRO DO 1929
NA SÚA RECEPCIÓN PÚBLICA, POR

DON VICENTE MARTÍNEZ-RISCO AGÜERO

E RESPOSTA DE

DON RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ




REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA


F 7776


Biblioteca

EDITORIAL MORET
A CRUÑA

1971







REAL ACADEMIA GALLEGA

UN CASO DE LYCANTROPÍA
(O HOME-LOBO)

UN CASO DE LYCANTROPÍA
(O HOME-LOBO)

DON VICENTE MARTÍNEZ RISCO AGÜERO

Y ENTUNTA DE

DON RAMÓN CABANILLAS ENRIQUEZ



EDITÓRILE NORRIT
A. B. C. S. A.

UN CASO DE LYCANTRÓPIA

(O HOMBRE-LOBO)

REAL ACADEMIA GALLEGA

UN CASO DE LYCANTROPÍA
(O HOME-LOBO)

DISCURSO LIDO O DÍA 23 DE FEBREIRO DO 1929
NA SÚA RECEPCIÓN PÚBLICA, POR

DON VICENTE MARTÍNEZ-RISCO AGÜERO

E RESPOSTA DE

DON RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ



EDITORIAL MORET

A CRUÑA

1971

REAL ACADEMIA GALLEGA



022999

UN CASO DE LYCANTROPIA
(O HOME-LOBO)

DISCURSO LIDO O DÍA 2 DE FEVEREIRO DO 1971
NA SÚA RECEPCIÓN PÚBLICA, POR

DON VICENTE MARTÍNEZ-RISCO AGÜERO

E RESPÓSTA DE

DON RAMÓN CABANILLAS ENRIQUÉZ



EDITORIAL MORET

DEPÓSITO LEGAL: C - 47 - 1971

Imp. MORET - M. de Amboage, 16 - La Coruña. 1971

DISCURSO

DE

DON VICENTE MARTÍNEZ-RISCO AGÜERO



1875

DISCURSO

DE

DON VICENTE MARTINEZ RISCO AGÜERO

Señores académicos:

N-iste istante da mais grande solenidade pra min, en que vou ser recibido antre vós, embárganme a un tempo a ledicia e o temor. Me non coido merecente da honra que me quixéchedes facer, e penso que si me chamáchedes pra encher un posto na vosa douta asamblea, foi ollando mais ben qu'â miña cativa obra feita, ô labor que, mirándome con bos ollos, agardades qu'ainda podo facer, e que quixéchedes premiar por adiantado, pra me dardes azos pr'empredelo, e pra m'obrigardes ainda mais a consagral-a miña vida inteira ô estudo e ô servizo da cultura galega.

E como isto é o qu'eu penso, non atopo millor xeito de vos amostrar a gratitude que vos debo, qu'ô de repetir n-iste istante d'especial transcendenza da miña vida, sabendo qu'elo axuntarame ainda mais a vós na sagra comunión do Ideal, o meu xuramento d'eterna fidelidade â Pátrea galega, â Fala galega, â Cultura galega.

* * *

Veño ademáis ocupal-o sitio a qu'en vida deu groria un home ilustre, un home que deixou nas nosas letras e nas investigacións históricas da nosa Terra, un valeiro qu'eu endexamáis poderei encher dinamente.

Don Francisco Tettamancy e Gastón, aquil bon obreiro da Grande Obra, aquil erudito esculcador da verdade, aquil vello con curazón de neno, ateigado d'amor â Terra e de xenerosos sentimentos d'irmandade, deixou unha lembranza qu'endexa-

máis ha de ser esquecida. Somentes repitando verbas d'Antón Villar Ponte, podería eu falar do curazón bondadoso e san «que xamáis tivo espiñas», de don Francisco Tettamancy. Mais eiquí é a obra a que nos deb'ocupar.

A obra histórica de Tettamancy, de caraute principalmente monográfico danos o mais baril da súa persoalidade. No seu estudo da *Torre de Hércules* —a derradeira obra que publicou— esgotou canto hai do sonado Faro Brigantino, unha das Sete Maravillas de Galiza qu'enumerou o P. Feixóo, e que, xuntamente co-a Tumba do Apóstolo, caraiterizan a Galiza nos mapas medievás, dándolle na Europa carta de fidalguía, com'as dúas pezas mais honorábeles do noso brasón.

Na *Historia comercial de La Coruña* pôn mau n-un orde d'inquéritos eiquí ben pouco adoitados, e de cuia urxencia decátamonos agora, coma son os d'história social e económica. Foi pol-o tanto n-esto Tettamancy un precursor, e á súa obra hemos ir no futuro moitas vegadas, en demanda de datos e de guieiro que nos leve por ises camiños virxes se non fora il.

En *Britanos y Galos* estuda un episodio da nosa historia que o é tamén da historia universal, cand'a iste recuado recanto da terra, chegaron os cás da Graciosa Maxestade, dos cazadores de casaca bermella, faguer montería nos lobos da manada do Gran Corso.

Estudou tamén a persoalidade d'outro sabio que temos algo esquecido: *Victor Said Armesto*, o ilustre rebuscador dos tesouros da nosa literatura medieval e da nosa literatura popular.

Pol-o derradeiro, foi Tettamancy o historiador da nosa *Revolución de 1846*, salvou do esquecemento o proceso dos mártires do Carral, e soupo dar a aquil acontecemento, envolto en escuridás na súa xénese, unha sinificación que en acordo incoscente co mais moderno senso da historia —senso que xa presentiran os románticos— o común sentir galego fixo simbólica.

Coma poeta, Tettamancy ten en *Enredadas* a espontaneidade humorística e aldeán dos nosos oitocentistas, no cual foi coma debía, home do seu tempo, e cecais aquilo seña, no feito, a súa millor obra poética; mais logo, en *Diego de Samboulo* entra na devesa broceliándica da leenda, e por fin, o home cheo do senso da tradición e da historia, volve no *Castro de Cañás* e en *Boicentril*, que publicou inzados de notas eruditas. Pode

que no feito, non señan estas tan boas com'as *Enredadas*; sono en troques na intención poética.

Efeitivamente; Tettamancy n-ises poemas, vai en procura da vella, da esencial tradición bárdica, que vivira na musa de Pondal. Tettamancy era un celtista; coñecía ben os outos feitos de Cuchulainn, o Héroe de Ulster, o roubo das vacas de Cooley, e as trasformacións de Friuch, gardián dos porcos de Bodb, rei dos espíritos de Munster, e de Rucht, gardián dos porcos d'Ochall Ochné, rei dos espíritos de Connaught. Sabía todo esto e moito mais, pois leera todo esto e escribíase con moitos sabios celtistas de Francia, Bretaña, Ingraterra e Irlanda. E sabía a importancia qu'esto ten pra nós, as grandes verdades que s'acochan nas tradicións da nosa grande e vella raza, e sabía que na ciencia dos Druidas está a luz. E, coma tod'o que sinte no íntimo o galeguismo, era panceltista.

Tettamancy era, craro está despóis do que vai dito, nazonalista galego. Era dos bos e xenerosos. Prendera n-il hai tempo a idea salvadora, e atopouse antr'os fundadores da Irmandade da Fala, réprica galega da Liga Gaélica irlandesa, e asina axudou a dar nacemento e prestou colaboración despóis, ô mais poderoso movemento que na nosa Terra se ten producido pra espertal-a conciencia histórica e social, recramal-os dereitos inalienábeles de todo pobo, e crear unha cultura racial. Movemento ô que ninguén pode dúbida que se debe a autual renacemento literaria e científica de Galiza, pol-o cual a data do 18 de maio do 1916 ha quedar pra sempre com'a data inicial d'unha nova era gloriosa na nosa historia.

Xa il o deixou dito, en verbas acesas d'espranza, no remate do seu estudo en col de Said Armesto:

«Proseguide na gran obra de que nos falou Faraldo, petando con man forte na alma colectiva da nosa patria para que acabe d'espertar axiña do sono en que está debuzada e do que comenza xa a esparexer pol-o milagre da nosa meiga fala, virada en arma de combate e propaganda pol-os nosos elocuentes e cultos oradores. Enxérgase pol-o horizonte as raiolas d'unha nova alborada de redención; e cegos serán os que non vexan que Galiza aspira a ela. Poñamos, pois, fe e esperanzas nas enerxías da raza, e o porvir será noso...»

Eiquí veño eu agora ocupal-o seu posto. A falla de méretos com'os d'il, tráyovos o mesmo espírito e o mesmo ideal.

* * *

S'escollín pra me presentar diante de vós un tema folk-lórico, señores Académicos, tiven pra elo fondosísimas razóns. Responde ôs meus principios filosóficos.

Sabemos hoxe qu'un pobo, unha nazonalidade é no cume e no fondo, unha tradición cultural, unh'alma. Unha tradición cultural ten com'outro ser calquera, unha curva da vida; no arco que rube, a cultura medra, as creacións son enxebres; no arco que baixa, a cultura mistúrase e en lugar de crear, remeda; de que chega ô fondo, detense e dorme. O estado de decadencia da cultura é a civilización. A civilización, puro artificio de formas mecánicas, sabias e perfeitas, mais valdeiras e mortas, non pode xa crear, e en troques espállase. No seu espallamento vai matando unha por unha as formas vitais e orgánicas da cultura, atuando onde pode as súas fontes vivas. A tradición enxebre vai tendo que recuar das vilas ás aldeas, dos medios superiores ôs incultos. Veleiquí os feitos que todos temos diante dos ollos.

Mais as culturas dormen e non morren, e diante da ameaza da barbarie qu'a civilización trai necesariamente atrás de sí, asegún nos enséña a historia, algús pobos reaccionan e queren reconqueril-a súa y-alma.

Istes movementos de reacción vital, danse primeiramente nas élites, nos medios de superior cultura; mais si queren buscar tradición, téñena qu'ir buscar nos chamados incultos, principalmente nos labregos, na caste menos mistificada.

Incoscientemente ô principio, os nosos oitocentistas voltáranse xa car'os labregos. Nós hoxe, hémolo faguer d'outro xeito.

Non quixera eu de ningún xeito, que nos meus escritos estiveran os usos e as crênzas do pobo galego, catalogados con friaxe e distancia com'as fichas d'un arquivo ou os ouxetos mortos d'un museo. Quero que vivan en min e nos que me lean e m'escoiten, coma viven ou viviron nos peisanos.

Quero chegar a tel-a mesma fe sinxela, a mesma piedade, os mesmos sentimentos, as mesmas ideas, aínda as mesmas supersticiós qu'iles teñen. Qu'eu penso aínda qu'hai no fondo de

todo iso unha conceición do mundo tan coherente pol-o menos, e se cadra moito máis certa qu'esas en qu'os homes de ciencia non rematan de se poren d'acordo.

UN CASO DE LYCANTROPIA

Alá pol-os anos de 1852 ó 1854, chamou moito a atención da xente, dentro e fora de Galiza, e aínda ben lonxe, a causa que lle formaron no xusgado d'Allariz a Manuel Blanco Romasanta, a quen chamaban o *home do unto*. Iste proceso ten canto precisa pra ferir o maxín dos homes, e garda unha semellanza chocante co-esas soadas causas por crimes estranos, que se solen dar en Francia en todol-os tempos, mais con especialidade diante das cortes do antigo réxime. Unha causa com'a do dulceiro Miquelón, ou a da Marquesa de Brinvilliers, no tempo antigo, ou as de Jack o Estripador ou Troppman, nos modernos; e n-outras cousas, lembra tamén os procesos de feiticería. Por outra banda; o ter atraguido xa d'aquela a opinión centífica ou pseudo-centífica, dalle aínda intrés. O certo é qu'esta causa preséntanos diante unha chea de probremas referentes a total-as ramas da ciencia, e que n-ela, por onde queira apálpas-o misterio. A xurisprudencia e a lóxica, a meiciña legal e a psiquiatría, a metapsíquica e o ocultismo, a mitoloxía e o folk-lore, teñen que ser chamados a capítulo, e marcan difrentes aspectos pr'estudarmol-os feitos d'un home raro e misterioso qu'a xustiza condenou a morte.

Que caste d'home era iste? Ímolo ver, botando mas das fontes máis auténticas que temos da súa vida: a *Reseña da Causa* (1), publicada pol-o seu defensor na Audencia da Cruña, don Manuel Rúa Figueroa, e a tradición oral, aínda non moi lonxana dos feitos, e recollida na vila d'Allariz, de xente emparentada e achegada dos qu'interviron na Causa.

(1) *Reseña de la causa formada en el Juzgado de 1.ª Instancia de Allariz, distrito de La Coruña, contra Manuel Blanco Romasanta, el hombre lobo, por varios asesinatos*, ordenada y publicada por R. F. Madrid, imprenta de la viuda de don Antonio Yenes, Plaza del Progreso, núm. 13. 1859.

Pois Manuel Blanco Romasanta nasceu no ano 1810, no lugar do Rigueiro, freguesía de Santa Baya d'Esgos, a unhas duas leguas e meia d'Ourense e tres d'Allariz. Con seguranza que foi xa de pequeno cando deprende a facer cordas e peneiras, que é traballo que s'adoita n-aquela terra, ond'os homes son cordeiros e peneireiros, com'en Nogueira de Ramuín paragüeiros, e n-outros lados cesteiros, amolanchís ou calquera outra cousa, asegún esa espezialización xeográfica dos oficios ou mesteres que tanto hai na terra de Galiza. Moitas mais cousas deprende aínda o Manuel, pois seica era home de curiosa abelencia pra toda sorte de traballos, así de home coma de muller, anque semella qu'o pirmeiro mester qu'exerceu foi o de xastre, que na consideración dos nosos peisanos, ven ser cousa intermeia antre muller e home... Logo foi peneireiro, cordeiro e cocifeiro, e por fin, facendo como facían outros moitos da parte d'Esgos, andivo c'unha tenda por Castela e Portugal, non sei dende cando, anque con seguranza dend'enantes do 1839, pois asegún conta, foi iste ano, cando lle pegou o mal... Vendía panos da cabeza e d'atar atrás, qu'iba mercar a Chaves ond'o señor Francisco Moráis e ond'o señor Domingos da Rua Dereita, e outras cousas, que mercaba por eixemplo en León, na tenda de don Manuel Sardo e Compañía. No ano de 1843, tiña a tenda nos pobos de Pardavé e Manzaneda, e alí foino embargar un ministro de León, por débeda que tiña co señor Sardo. D'aquela parez qu'o víu unha taberneira de Brañuelas; levaba cirigolas, calcetas brancas de lá, camisa, pano encarnado á cabeza e manta ô lombo, e despois capa bermella, chapeu calañés, e levaba un cabalo alazán tostado con estrela branca na frente, aparelado e con alforxas. Acusárono da morte do ministro e o xues de Ponferrada condenouno en rebeldía a dez anos de presidio con retención e costas, en 10 de outono de 1844.

N-iste mesmo ano, ou no seguinte, aparez Manuel Blanco en Rebordechao, concello de Vilar de Barrio, na caída da serra de San Mamede. Alí fíxose querer da xente. Pirmeiro servíu na casa d'Andrés Blanco e logo púxose a parte. Fiaba, calcetaba, cardaba na lá, facía mandiques e axudaba d'outras sortes ôs veciños co-as suas moitas abelencias, facendo oficios tanto de muller coma d'home pois, coma dixemos, a todo lle daba xeito. Amostrábase con todos homilde, cariñento e ben criado, un pouco

mariquiteiro e temeroso. Amostraba sobre todo ser home de moita relixión e caridá; axudaba ô abade, qu'ô quería moito, e mais ô sacristán, guiaba o rosario na misa e daba esmolas. Aínda saía co-a tenda, iba pra Portugal mercar xéneros e ás vegadas vendía no pobo panos da cabeza.

Andaba d'aquela pol-os 35 anos e campaba ben; moreno craro, ollos castaños, cabelo negro, ollar doce, falangueiro, xeitoso, agudo e formal. Co-isto todo engayolou a unha muller casada, separada do home, que vivía en Rebordechao. Chamábase Manuela García e tiña unha filla natural chamada Petronila. O Manuel meteulles na chola que se foran co-il pra Santander, qu'as iba meter a servir en casas de cregos onde habían estar moi ben. E marcharon as duas co-il; e non voltaron; mais o Manuel cando viña d'alá traguía cartas d'elas dicindo qu'estaban moi satisfeitas. Pol-o ano de 1847, levou tamén a unha irmá da Manuela, chamada Benita, pra servir en Santander c'un amo moi rico, perto da irmá; a Benita levou co-ela un fillo de dez anos chamado Francisco, e nin voltou nai nin fillo. En 1850 levou â Antonia Rua, de Rebordechao, co-a sua filla Pelegrina e tampouco deron volta. A Antonia deixaba unha filla, Maruxa; o Manuel recolleulla e tívoa co-il dazaoito meses coma si fora filla e tratouna moi ben; mais despois levouna pr'ond'a nai. Tamén levou o mesmo ano a un rapaz, sobriño da Manuela e da Benita e pr'o outro ano levou â nai do rapaz. Aínda quixo levar a outros, pois dos que co-il foran viña decindo qu'estaban moi ben, servindo en moi boas casas.

Mail-a xente emprincipiou a desconfiar. Principiaron a dicir qu'ô Manuel Blanco levaba ás mulleres engañadas, qu-as metía na serra, matábaas e sacáballes o unto pra ilo vender ás boticas de Portugal onde llo pagaban a peso d'ouro. Entón o Manuel desapareceu de Rebordechao e marchou pra Castela, c'un pasaporte con nome suposto que ll'expediron en Villeriño de Conso, gracias a un certificado falso que levaba. Isto foi antre nadal de 1851 e o febreiro de 1852. Ist'ano andivo na sega na vila de Nombela do partido d'Escalona.

Alí descubriron tres segadores do partido de Verín qu'ô denunciaron e o alcalde de Nombela mandouno prender. Il dixo que se chamaba Antón Gomez, natural e veciño de Nogueira de Monterramo, de 43 anos, viudo e d'oficio tacholeiro.

Ademais do pasaporte falso, levaba no bolso unha bula da Santa Cruzada e unha copra de namorados.

Trouguérono pra Allariz, e alí confesou. Non eran somentes os crimes que ll'apuñan; eran moitos mais, catro pol-o menos: unha rapaza qu'iba â feira de Viana, en As de Xarxes; unha muller preto de Chaguazoso; un rapaz que gardaba o gado entre Prado Albar e Chaguazoso e unha vella preto de Fornelos... Con pasmo dos da curia, Manuel Blanco Romasanta, non somentes confesaba os seus crimes, senon que s'acusaba d'outros que lle non apuñan. E eiquí aparez o misteiro.

Efeitivamente, había trece anos que Manuel Blanco Romasanta se sentira ferido d'unha estrana e espantosa doenza. Manuel Blanco Romasanta, de cando en cando, volvíase lobo... E isto era por môr d'unha maldición, d'unha fada que lle botaran. Il non sabía quen o maldizoara, se foron os pais, se foi a sogra, se quen foi. O acaso é que de súpeto escomenzou a sentir un forte degoro de sangue e de morte; desexaba ardentemente faguer unha morte co pirmeiro que se lle presentara. Ôs seis meses d'esto, estando na serra, no val do Couso, atopou dous lobos e d'aquela volveuse lobo il tamén. Andivo co-iles catro ou cinco días e ô cabo volveron tomar todos tres figura de cristaos; entón coñeceu ôs outros dous, qu'eran dous valenciás, un chamábase don Genaro e o outro Antonio, qu'había tempo tiñan a mesma disgracia. Entón convenceuse o Manuel de que tiña a fada e dende aquela, unhas vegadas soilo, outras cos compañeiros, fixo as mortes todas que confesou. Cando lles pegaba o mal espíanse ata quedar en coiros, botábanse no chao, revolvéndose na terra e erguíanse en figura de lobos, e d'aquela guisa acomeían e devoraban a quen fose, co-as poutas e cos dentes, sen se valerem d'outra arma nengunha, e comían o corpo da vítima, sen deixaren mais qu'os ósos. Despoixas, unhas vegadas volvían tomar aixiña figura de persoas; outras andaban de lobos por oito días e mais, o menos dous, anque don Genaro chegou a andar de lobo quince días. E no tempo qu'andaban de lobos perdían o uso da razón, mais non a memoria nin a coñecencia, e non tiñan medo ningún porque ben sabían que por môr da fada, nonos podían nin coller nin ferir, de modo e de maneira que nas difrentes corridas que deron no val do Couso, non poideron coller ô don Genaro qu'andaba nelas en figura de lobo, e

ainda os tres xuntos estiveron n'outra sen que recibiran mal nengún. E aínda, total-as veces que s'atoparon e mataron xente xuntos, foi por casualidade e non porque se puñeran d'acordo e indo xa cando se xuntaban en figura de lobos as mais das vegadas.

Mais de que voltaban ô seu estado natural e aparencia de cristaos e co-elo ô uso da razón perdida, e se lembraban do que fixeran sendo lobos, todos tres puñanse a chorar con moita pena, especialmente don Genaro amostraba moito sentimento.

Pol-o derradeiro, a Manuel Blanco Romasanta concruíulle a fada o día de San Pedro de 1852, asegún il coñecía por deixar de sentir os desexos de matar e entroques principiar a ter medo.

E non somentes confesou isto todo, senón que guiou ô xugado a varios sitios da serra de San Mamede, qu'era ond'il mataba a xente, como â Mallada Vella e Acibeiros da Redondela, ond'apareceu unha calivera de muller qu'il recoñeceu coma da Manuela García ou da sua filla Petra, e ô Corgo do Boi, and'apareceu no sitio qu'il dixo un óso da pelvis d'outra muller que poidera ser a Benita García. Cand'amostraba o sitio onde matou â pequena Maruxa Rúa qu'il tivera ano e medio na casa coma filla, choraba e refería como a rapaciña chea de medo lle pedía por Dios que non-a matara, mais il volveuse lobo e cumpríu o que lle mandaba seu triste sino.

Por certo que indo nun d'istes recoñecimentos, e achándose unha noite recollidos il e mais a xustiza nunha casa, non sei que lle dixo un dos escribanos qu'il respondeu: —«Ay si me volvera lobo!» Daquela o xuez colleu unha pistola e díxolle: —«Pois anda, estrévete a volverte lobo!» ô que respondeu o preso: —«Ay, señor, si me volvera lobo non había bala que me matara!».

Na cárcel andaba alforxado c'unha muradana e entreteña o tempo fiando. Tamén namentras fiaba trás da reixa, tapaba a face c'un pano e por unha moeda de dous cartos erguía o pano pra deixala ver...

Seguiron as autuaciós da causa e informaron longamente os facultativos d'Allariz. Din estes señores que: «Manuel Blanco es un hombre de 43 años; cinco pies menos pulgada de talla, tez moreno claro, ojos castaño claro, pelo y barba negros, semi calva la parte superior de la cabeza; fisonomía nada repugnan-

te y sin rasgo característico; mirada ya dulce y tímida, ya feroz y altiva y forzadamente serena; pulsa 62 por minuto; temperamento bilioso-nervioso sin exageraciones ni predominio notable de aparatos, y aún el de tejidos es tan suave, que a duras penas se reconoce; coincide con formas regularmente desarrolladas, y una salud floreciente, nunca desmentida... En su discurso nótase consecuencia, precisión, buen juicio y desconfianza; se advierte en él penetración, tacto y talento naturales y superiores a su condición... El óvalo de capacidad que se extiende de la frente al occipucio marchando por las sienas, es de 22 pulgadas; el de la cara de 23 y 9 líneas; las apófisis mastoides distan un arco de 9 pulgadas; el ángulo facial abre 82°, efecto del abultamiento de los senos frontales bastante pronunciados en este sujeto... Se advierte también un resalto no muy considerable en la porción escamosa del temporal». Entran logo co eisame frenolóxico que dá: «Sagacidad comparativa; educabilidad; penetración metafísica; habilidad mecánica y adquisividad». E concruyen que Manuel Blanco Romasanta era un home normal e responsábele.

Estimáronlle probados nove homicidios, pois os outros que confesou apareceu que foran feitos pol-os lobos, e o xuez condenouno a morte en 6 d'abril de 1853. A causa foi remitida en consulta â Audencia da Cruña, e alí o fiscal tívose que faguer cárrego do primeiro e peliagudo probrema que se presentaba: o problema lóxico-xurídico.

Efeitivamente; abonda a confesión qu'il fai pra ll'apôr a Manuel Blanco Romasanta a morte de nove persoas, das que está probado que desapareceron das suas casas, mais non que morreran de morte violenta, nin xiquera que morreran? A resolución que se dea a este probrema fai cambiar o pranteamento dos demáis, porque eiquí trátase dos feitos. Pra escrarecel-os feitos, a crítica histórica e a crítica xudicial sírvense dos mesmos fundamentos lóxicos e psicolóxicos, e a críteca histórica d'hoxe ten dereito a revisal-a críteca xudicial d'onte.

Â confesión no criminal, lle non dan os tratadistas, embora as circunstancias psicolóxicas varíen, mais valor qu'a outro testemoio calquera; a esperanza amostra qu'houbou quen s'acusou falsamente. Pois iste é o criterio sostido pol-a defensa de Manuel Blanco Romasanta; a confesión non proba o feito; o corpo

do delito falta; os ósos atopados na serra podían non ser das supostas vítimas do acusado; Manuel Blanco Romasanta era un tolo que se creeu convertido en lobo, e acusouse de crimes que non cometera mais que no delirio do seu maxín; en catro casos así resultou probado. Fose non fose, a Audencia estimou estas razóns e sentenciou condenando en nove de Santos de 1853 a Manuel Blanco Romasanta a cadea perpetua por roubo e detención ilegal.

Pendente a causa aínda n-esta instancia, intervén no asunto o profesor Philips. O asunto collera aire, e os papeis falaban d'il dándolle moito espazo. O tal señor Philips estaba d'aquela n-Arxel, ond' espicaba a súa descuberta: a *Electro Biología*, que non era outra cousa qu'o hipnotismo, somentes que n-aquí-les tempos de superstición centífica, todo efecto misterioso apúñaselle â electricidade, sorte de mítico prestixio ou poder que viña ser na mente dos centificistas o qu'o *mana*, de que logo falaremos, na mente dos salvaxes. O profesor Philips estaba dando un curso de leucióis con experimentos dos que falaba moito a prensa. Unha das cousas que facía era transformar un home en lobo furioso, «es decir, presentando los apetitos y las inclinaciones de esta fiera». O profesor Philips escribiu ô ministro de Gracia e Xustiza, afirmando que Manuel Blanco Romasanta estaba atacado de lycantropía e era pol-o tanto irresponsábele; qu'ise estado podíase producir artificialmente mediante a súa descuberta e ofrecíase a realizar as esperencias precisas pra probalo. Acompañaba un número de *El Akhbar*, xornal d'Arxel onde reseñaba unha sesión en qu'un mozo trasformouse en lobo furioso.

Veleiquí propostos de súpeto os tremendos problemas que nos presenta a estrana vida de Manuel Blanco Romasanta: o problema médico-legal e o problema metapsíquico. O cual non sirveu de ren, porque interposto o recurso de súprika e apesares da fermosa defensa que fixo don Manuel Rua Figueroa, sostenendo os pareceres xa indicados, a Sala enmendou a sentenza de segunda istancia e confirmou a do xusgado d'Allariz, condenando a Manuel Blanco Romasanta a morrer no garrote. A raiña indultouno por Real Orden de 13 de mayo de 1854, conmutándolle a pena pol-a inmediata inferior.

Tirándonos fora do asunto xudicial, imos ver as derivaciós

científicas. Manuel Blanco Romasanta ¿era un lycántropo? ¿Qué é o que é un lycántropo nas tradicións populares? ¿Qué é un lycántropo na psiquiatría? ¿Qué é na metapsíquica e no ocultismo?

A LYCANTROPIA NAS TRADICIÓN POPULARES

O lycántropo é o home que se volve lobo. Com'esprica o Padre Feixóo, o nome «compónese de dos voces Griegas *Lycos*, y *Anthropos*, la primera que significa *Lobo*, y la segunda *Home*... Los que padecen tan estraña demencia, en todo procuran imitar las acciones y modo de vivir de aquellos brutos, en cuya especie se juzgan comprendidos. Los que se imaginan Lobo, se retiran a los montes, persiguen los ganados, matan las reses, y las comen crudas». O lycántropo en galego chámase *lobis-home* e ás vegadas por confusión *lubicán*. A tradición é coñecida, estesa e vivaz en Galiza e Portugal.

Hay poucos anos, no 1924, iban dous homes pol-a estrada de Castela car'a Xinzo, baixando pol-a costa da Fontela, perto de Piñeira d'Arcos, mesmo entrando na Limia, e saíulles un lobo ô camiño, eso qu'aínda era día. En toda aquela terra e aínda n-Ourense falouse moito d'aquelo, porque había tempo que se non lembraba qu'andiveran os lobos tan bastos pra baixaren â estrada, e mais tan pasaxeira com'aquela é. Un dos homes levaba unha carabina cargada e ô ver o lobo quíxolle disparar, mais o tiro non saleu. O feito interpretouse no senso de qu'o lobo aquí era un que tiña a fada... Xa d'outra vez noutro traballo teño dito esta de que, pol-o menos no Sul, cando un pregunta pol-as fadas, a xente non entende o que n-outras linguas romances se sole entender por fada (*hada, fée, fata*) e que veñen indicar aqueles versos que trai Murguía:

A fada fadiña
Coa sua basquiña
Pasa a mañá
Aliña qu'aliña, etc.

Non; o que n'outros lados chaman fadas, chaman eiquí donas ou mouras ou señoras, mais por fada todos entenden outra

cousa, e cando ll'un pregunta, responden: —«Ay, d'unha vez a un botáronlle unha fada...» Unha fada é unha maldición, é o que en Francia chaman *jetter un sort*, unha sorte de malefizo, que foi o que ll'aconteceu a Manuel Blanco Romasanta precisamente. Eiquí emprégase pol-o tanto a verba *fada* nun senso mais achegado ô seu senso latino orixinal, de *fatum*, o fado, o destino. O lobishome ten que cumprir fatalmente unha fada e ninguén ten poder pra tiral-o de cumplila. Tanto ten que non queira, que se poña como se poña; por mais que lle doa, ten que apencar co-ela.

Esta fada pódea tragner xa de nacencia ou pódennla botar despois. Si os pais tiveron sete ou nove homes seguidos, sin ningunha muller no meio, o derradeiro home nasce co-a fada; ten que ser lobishome. A fada dúralle o mais común sete anos. Cando lle chega o tempo de tela que cumprir fuxe pr'o monte, toma a figura d'un lobo e vive como viven os lobos pol-os anos que lle dure a fada. Outros hai que dende pequenos xa manifestan os istintos de lobo e oubean coma eles; e aínda hainos que siguen vivindo co-a xente e somentes por vegadas se volven lobos. O lobishome arrédase dos outros lobos en que cáxeque sempre acomete â xente. Namentras está cumprindo a fada, ningún mal lle pode acontecer; nin pau nin pedra, nin bala nin coitelo o poden nocer, nin pode cair en ichó nin garduñeira, nin o poden pillar os cás. Non pode morrer namentras a fada non cumpra.

Si a riola fora de sete mulleres, a derradeira ten que ser ou bruxa ou *peeira dos lobos*.

A tradición anda basta en Galiza e Portugal e tamén no occidente d'Asturias, en toda a nosa provincia etnográfica. Otero Pedrayo recolleuna nos Chaos d'Amoeiro; Martíns Sarmento no concello de Guimarães. En Portugal hay un remedio pra qu'o sétimo fillo non salla lobishome: que o hirmao mais vello lle sexa padriño, e que lle poñan de nome *Bento*. En Amoeiro, cand'un neno manifesta istintos de lobo, os pais danlle unhas grandes somantas.

A fada cai tamén, cand'unha persoa, sobre todo si é vella e de respeito, e mais aínda si é a nai ou o pai contra un fillo, bota unha maldición dicindo: —«Permita Dios que te volvas lobo»; aquil a quen lle cai a pauliña faise lobishome. As maldiciós d'esas

persoas caen sempre por forza. Ás vegadas abonda que lle chamen a un lobo. Eiquí témol-o caso de Manuel Blanco Romasanta, e eiquí témol-o caso qu'aconteceu c'unha rapaza de Barrio, preto de Trives, e que eu aproveitei pra un conto titulado *O lobo da xente* (2). Dando iste por sabido, imos referir outro que contan en Loureses, concello de Blancos, é o seguinte:

«Había alá en tempos en Castela un pai que tiña moitas fillas e unha d'elas comía moita carne, canta mais lle daban, mais comía. E un día o pai díxolle: «Inda vaias comer carne cos lobos ô monte». Foi *palabra maldita* —di o noso informante— que n-aquela mesma noite, desapareceu sen saber que foi feito d'ela. Saíu e emborcallouse na area e volveuse *unha fada* —sigo empregando as verbas de quen m'informou— e unhas veces andaba de lobo e outras de muller. Foi *desandando, desandando* hasta que chegou ô Cebreiro e ás canellas d'Agras de Tosende (Ourense). Por istes montes andivo moito tempo de *capitana dos lobos*, faguendo moitos estragos na facenda ã na xente (esto cando estaba de lobo). O paradeiro era no monte do Cebreiro. Cando estaba de muller alcendía o lume e xuntábanse os lobos darredor d'ela, e non lles deixaba faguer mal ningún a naide. E unha vez que viñan os do sal de Portugal, cando o sal estaba estancado, os lobos quixéronse botar a eles pr'os comer, e ela non-os deixou dicíndolle: «Quietos, deixainos pasar». Así andivo moito tempo, hasta que *lle levantaron a fada*. Adoitaba ela ir comer fariña a un muiño e unha vez cadroulle d'estar o amo dentro e quixose meter por baixo da porta como sempre, e ô meter unha pata, víuna o muiñeiro e c'unha navalla quíxolle cortar unha perna e ô principiar a cortar, foi e *meteu un grito* e volveuse unha muller. Así que se víu muller, tratou d'ir pr'â sua casa preguntando de pobo en pobo hasta que chegou â casa, e cando chegou tiveron moita alegría os da casa. Pr'o vrau que seguía foron os de Tosende â sega a Castela e foron segar â cas da tal; entón preguntoulle d'onde eran, dixéronlle que eran de Tosende e de Aguís: «Pois ises pobos coñocíallos eu ben, e conozo o Cebreiro e as canellas d'Agra». —«E logo cómo é pr'as conocer?— «Pois tiven qu'andar por alí de fada, e fixen moitos

(2) Número 10 da novela mensual «Lar», A Cruña, San Xohan, 1925.

estragos e por ningún tuven tanta pena como por un rapaz que comín, e eu estab'o despedazando e il rindo car'a min». «E pois inda se fala por alí d'esa fada e agora que s'estaban moi agusto dende qu'ela faltara».

Esta versión é preciosa, non somentes pol-a trágica historia que refire, arripiante no episodio do nenño, na lacónica sinxeleza do relato, senon por ser unha das mais completas, contendo todol-os elementos esenciais da leenda:

- a) maldizón do pai, d'efeito súpeto e fulminante.
- b) o emborcallarse na area pra se volver loba —coma no caso de Manuel Blanco Romasanta, e n-outro caso d'Asturias que refire don Aurelio del Llano (3).
- c) o ser capitana dos lobos —o cual indica terse eiquí o mito axuntado con outro que ten a súa espresión na *peira dos lobos*, de que logo imos falar.
- d) a alternancia dos ataques de lycantropía —coma no caso de Manuel Blanco e n-outros moitos.
- e) o impedir ós lobos que fixeran mal —coma refiren en Avión e tamén no concello de Guimarães, asegún Martins Sarmiento, dos *pieiros dos lobos* (4).
- f) o desencantamento, coma no caso de Trives qu'eu referín en *O lobo da xente*.
- g) o ser iste desencantamento feito pol-a ter ferido ou feito sangrar o muiñeiro.
- h) o sentir ela pena pol-os seus feitos —com'o Manuel Blanco.
- i) o falar d'elo cos segadores —coma cando van os galegos a outras terras e alá lles falan dos tesouros acochados perto da súa aldea.

É iste, pol-o tanto, un caso-síntese, no que se *concentraron* a mór parte dos temas referentes ó lobishome.

(3) Aurelio del Llano Roza de Ampudia, *Del folklore asturiano. Mitos, supersticiones, costumbres*, Madrid, Talleres de Voluntad, Serrano, 48. MCMXXII, páx. 212, nota.

(4) *Materiaes para a archeologia do concelho de Guimarães*, na «Revista de Guimarães», vols. XV (1898), p. 23 e XVI, p. 19.

Imos agora espôr o do *pieiro dos lobos*. Chaman asina no concello d'Avión â persoa (home ou muller) que ten poder sobor dos lobos. Empéchalles qu'acometan ô gando, por unha banda, e por outra, tamén garda ôs lobos cand'os queren cazar. Por non deixalos atacar ô gando, hainos que com'acontez cos nubiños, qu'alí chaman *escoleres*, por non deital-o pedrazo na parroquia —cobran un tanto dos veciños: «Gardei os meus lobiños», din iles... En Áncora (Portugal) din que a peeira dos lobos dorme na cova d'iles, iles mantéñena, e se lles desaparece, os animais amostan verdadeiro desespero. Na freguesía de San Cosme de Lobeira (Guimarães) unha sétima filla de caste ben coñecida, atopou un día unha muller que lle meteu unha cesta no brazo e foise sen mais falar. Aquela muller acabara a fada coñecida, atopou un día unha muller que lle meteu unha cesta —di Martins Sarmiento, que refire iste caso— fíxose no espírito da nova peeira a luz necesaria pra comprendel-a lei do seu destino. Foi cos lobos, e un d'iles chamado Simão, chegou a ter sona. Encarregouno de guiar e defender a un pasaxeiro perdido na serra ata topar o camiño, e o lobo cumpríu ben e somentes deixou ô estraviado cando il, chegando a sitio coñecido, lle dixo coma lle recomendara a peeira: —«Vaite, Simão!».

O pieiro dos lobos tivo unha outa consagración literaria no *Jungle Book*, de Rudyard Kipling, na figura de Mowgly, o neno indo criado e educado cos lobos da manada de Seeonee, que com'os fundadores de Roma, zougou leite de loba, que pol-os lobos foi mantido e por iles tido coma xefe e guía. E por certo que Kipling advirte que o caso tense dado na realidade nas selvas da India.

O mito do lobishome é coñecido en todo o Norte da Europa. Menéndez Pelayo indica qu'alí foi ond'o puxo Cervantes, no *Persiles*, e di qu'a istes lycántropos chamábanlle nas Galias *Gerulf*, na Ingraterra *Wer-wolf*, na Germania *Wargus*, en francés moderno *loup-garou* ⁽⁵⁾. O *loup-garou* é o noso lobishome, e atópase en Francia nas tradicións populares e mais nos procesos de feiteiceiría.

Frazer mencioa moitos casos de tradicións populares refe-

(5) *Historia de los heterodoxos españoles*, 2.^a ed., vol. II, páx. 246.

rentes o *loup-garou* (6). Veleiquéi algunhas: En 1588, un fidalgo auvergnat viu dend'a feestra un amigo qu'iba de caza e díxolle que lle trouguera algo. O cazador atopou un gran lobo, loitou co-il e cortoulle unha das patas d'adiante. O lobo fuxiu. O cazador voltou ond'o amigo, foi sacar a pata do lobo, e era unha mau de muller que levaba un anel n-un dedo... O fidalgo recoeceu o anel da sua dona e foina buscar. Estaba sentada ond'o lume c'un brazo debaixo do mandil, e non-o quería amosstrar. O home fixolle ver a mau co anel, e entón ela confesou qu'era ela o lobo qu'o cazador ferira. A mau adautábase ô seu brazo. O home entregouna â xustiza e queimárona por bruxa.

N-unha granxa en la Beauce, había un pegoreiro que non durmía nunca na casa. Ô mesmo tempo viña un lobo total-as noites rondar arredor da granxa e metía o fuciño por baixo da porta —com'o lobo da xente en Trives e o de Tosende no muiño—. O amo sospeitou e unha noite foi velar ô pegoreiro, e foi tras d'il deica unha cabana ond'o viu convirtir en lobo. O amo calou e voltou pr'a casa. Púxose â espreita —com'o muiñeiro de Tosende— e cand'o lobo asomou, zorregoulle un palastrazo. —«Millor —dixo o lobishome— ainda tiña que correr tres anos!»... Pr'o outro dia, o pegoreiro apareceu c'unha ferida na frente e non volveu surtir de noite. Redimírase da fada pol-a efusión de sangue (tema g) do caso de Tosende).

Olaus Magnus refire outro caso qu'aconteceu en Livonia pol-o seu tempo: unha dona fidalga, que non cría nos lobishomes, porfiou c-un seu escravo e iste pra convencela, meteuse n-unha cámara e voltou surtir trocado en lobo. Os cás botárono ô monte e o lobo defendeuse enrabechado, mais perdeu un ollo na loita. Pr'o outro día, o escravo voltou pr'a casa, mais viron que lle faltaba un ollo.

En Padua andivo pol-as ruas adiante un lobishome. Pillárono, cortáronlle as catro patas, e volveuse un home sin pés nin maus.

Petronio refire a historia d'un tal Niceros qu'indo unha noite visitar unha amiga en compañía d'un soldado que paraba na mesma pousada, iste arredouse, e cando Niceros, canso

(6) *The golden bough*, A Study in Magic and Religion, London, 1911-1915, en varios lugares, e *Le trésor légendaire de l'humanité* (feuilles détachées du Rameau d'Or, par Lady Frazer), Paris, 1925.

d'agardar, foi precuralo, viuno ispidado e facendo cerimonia sobra roupa, despois do que, trocouse en lobo e fuxiu. Cando Niceros chegou ond'a amiga, esta contoulle que viñera un lobo e qu'un criado traspasáralle o pescozo c'unha lanza. Niceros ô chegar â pousada, atopou ô soldado deitado no leito e o médeco atándoll-o pescozo.

Trasformación d'esta clásica hainas na mitoloxía clásica tamén. O caso mais coñecido é o de Lycaon, rei d'Arcadia, fillo de Pelasgo e Melibea, filla do Océano, que nasceu no monte Lyceo, na fronteira de Mesenia, ond'istituíu o culto de Zeus Lyceo, con sacrificios humanos, e fundou a vila de Lycosura. Iste rei foi punido por Zeus ou ben pol-a súa dona Hera, pois hai dúas versións da fábula: según a primeira, en castigo dos seus sacrificios, Zeus trocouno a il e os seus fillos en lobos; según a outra, tendo Zeus amoros con Calisto, filla de Lycaon, Hera vengouse trocándoa en osa e a Lycaon en lobo.

O lobishome non é a única forma mítica da zoantropia, e pra pôr en craro as orixes do noso mito, compre pasar revista a algúns outros.

O qu'en Europa é o lobo, veñen ser fora outras bestas, coma refire Frazer. Na China, en Sungyang, un home atacado por tres tigres, córtalle a un d'iles unha pouta, e resulta ser un seu veciño chamado Chu-Tu-Shi, a quen a xente quer queimar na casa, e fuxe transformado en tigre. En Célebes, os Toradjas creen que se poden volver gatos, cocodrilos, porcos bravos, gamos e búfalos, namentras qu'a súa forma humana sigue durmindo no leito. Pódeno ser de nacemento ou porque se lles pega de mollarse co cuspe ou descansal-a testa ond'un zoantropo puxo a súa. Castíganos con pena de morte. Dano que reciben no corpo animal, refréxase no corpo humano. En Africa, na Nixeria meridional, rexión d'Oban, cada un ten unha alma especial diferente da que ll'anima o corpo, e que poden en certo tempo facer animar o d'unha besta que *poseen*: alifante, leopardo, búfalo, porco bravo ou cocodrilo, e pra elo teñen que tomar un bebedizo especial. Com'enantes, mal que lle fagan â besta, mal que recibe o corpo humano do seu dono.

A creenza é pois universal —s'aceutáramol-a doutrina de Bastian, canto mais primitiva, canto mais elemental unha creen-

za, mais universal— mais o especialmente intresante é pol-a contra a sua caraiterizazón, as notas diferenciás qu'a fan expresión d'un alma distinta: o que responde ás *Voelkergedanken*, e non ás *Elementargedanken*. Imos ver.

INTERPRETAZON DO MITO: ORIXE PSICO-SOCIAL

Etnógrafos e folkloristas solen estimar as creenzas e supersticiós populares que non responden ás ideas modernas, coma *supervivencias* das primitivas conceicións animistas, endexamais de todo desbotadas aínda pol-os homes criados nos meios cultos, fortemente entorgadas na natureza humán e viventes aínda na suscendencia da raza.

D'iste xeito, o universal da creenza por unha banda, e o varial-a caste de besta en qu'o home se troca, pol-a outra, é seguro que veñan das ideas totémicas ancestrás. Pol-o de pronto, ollamos as primitivas comunidás totemistas enteimadas na preocupación de s'identificaren co-a besta ou ser que lles sirve de *totem*. Pra elo, praitican determiñadas cerimonia máxicas que teñen a virtude de trocalos en bestas da natureza do totem. Consisten estas cerimonia as mais das vegadas, en danzas nas que van vestidos imitando ô animal totémico, envoltos en pelicas, con cornos, rabo, etc., da maneira que lles dea mais semellanza co-a besta de que se trata, e remedan os seus berros e os seus movementos pra d'iste xeito conseguiren pol-a *máxia homeopática*, que chama Frazer, identificárense co-ela. Temos nós *supervivencias* d'estas danzas totémicas, nas mascaradas dos *felos*, *cigarrós* e *choqueiros*, qu'aínda levan ô lombo unha pelica de carneiro que n-outro tempo pudo ser d'outra besta (7).

Do mesmo xeito, ollamos como o lobishome, eiqui e n'Asturias, praitica un auto máxico pra se trocar en lobo: embórcase na terra (tema b) do caso síntese).

Da calidade totémica e mitolóxica do lobo na nosa terra dá testemoio o ambiente de misteiro qu'o arrodea. Hoxe é a fera

(7) *Os cigarrons*, por V. R. en «Nós», Ourense, núm. 35, novembro, 1926. (Cf. Juan Uría y Riu, *Sobre el origen de los Sidros? Zamarrones*, no «Boletín del Centro de Estudios Asturianos», núm. 5.)

mais fera que temos, mais non sempre foi así; n-outro tempo había eiquí osos, lince e porcos bravos; mais ningunha d'estas feras causa nos peisanos o supersticioso terror que causa o lobo. O lobo fai compañía ôs camiñantes, os seus ollos relocen coma candeas na escuridade da noite, o velo causa o que os ocultistas chaman *arripio astral* que toma a voz e pôn os pelos de punta... Ainda leva o lobo co-il estes atributos da sua antiga divindade.

De todo esto dedúcese qu'a creenza nos lobishomes é supervivenza das ideas totémicas.

Ora diredes: oxe o lobo non infunde veneración com'as divindades, senon o contrario, pavor e mala idea. O se trocar un home en lobo, lonxe de ser unha ventaxa, unha divinización, é unha desgracia, unha mala fada. Isto exprícase pol-o troque de ideas qu'o cristianismo trouxo, e que fixo que na Edade Meia os deuses paganos foran considerados coma demos. Xa Wundt ouservou istê feito coma xeneral nos troques de relixión; asegún il, na mitoloxía realízase de cote a lei de que na sucesión de duas fases mitolóxicas, a fase anterior domiñada e reprimida pol-a outra, mantense, pol-o feito mesmo da represión, a carón da domiñante, nun-ha situación d'inferioridade cada día maor e trasformándose o que n'ela era venerado, en ouxeto de eisecrazón (s). O cual non é mais qu'o vello axioma oculto que di: os deuses dos nosos pais son os nosos demos.

A FADA

Iste é outro asunto a estudar. Atopamos eiquí coma a maor parte das vegadas, unha creenza universal na esenza, infinidamente variábele no feitío. En todos lados tense medo ás maldiciós, especialmente ás dos vellos e dos pais. A maldizón é unha punición, un malefizo xusto case sempre, pra facer o cual abonda o pensamento, o desexo. Duas castes de persoas ten sen dúbida poder especial pra esto: os pais e os feiticeiros.

Os pais singularmente porque son os donos do sangue dos fillos, e o sangue é onde reside a y-alma, e o sangue é onde

(s) *Voelkerpsychologie*, vol. II, *Mythus und religion*, II, páx. 313.

obra a forza máxica, ise poder difuso e misterioso qu'os melanesios e co-iles os etnógrafos modernos chaman *mana* (9), os malayos *kramat*, os melgaches *hasina*, os africanos *dzo* ou *tilo*, os peles roxas *wakan*, os iroqueses *orenda*, os algonquinos *manitu*, os mexicanos *nahual*, os indos *brahma*, os indochinos *deng*, os exipcios *hik*, os gregos *dynamis*, os kabbalistas *ôr*, os alquimistas *azoth* os mesmeritas *fluido magnético*, os metapsíquicos *ectoplasma* e os galegos *meigallo*, forza que reside nas ceremonias máxicas, nos encantamentos, nos malefizos, no mal d'ollo, no enmeigamento, no sacrificio, no tabú, no fetiche, no amuleto, no totem, e por estar no totem, por eso ten tanta forza apricada pol-o pai pra punir ô seu propio sangue cando seu propio sangue se revolve contra il, contra o representante autual do totem. Entón o pai ceiba esta forza poderosa e irresistible, que fire com'unha centella, e n-iste caso particular, troca a natureza do ser fadado, múdalle a especie e convírteo n'unha besta feroz com'a botándoo fora da caste, non somentes da sua sanguinidá, senon da caste humán por indino de pertencer a ela; o que lle deu a humanidade —o pai ou a nai— tirla porque ten poder pra elo, com'o tivo pra darlla.

D'eiquí o se redemiren os lobishomes pol-a efusión do sangue (tema g) do caso síntese), porque no sangue era ond'iba o meigallo lurpio, e ô deitar o sangue fora, déitase fora tamén o meigallo.

Proba de que estas ideas que semellan propias dos homes primitivos non están tan lonxe de nós témola na *electro-biologia* do profesor Philips, que nos demostra que a eletricidade foi un tempo pra moitos centíficos e ainda o é pra moitissima xente, unha forza todo-poderosa da mesma natureza qu'o *mana* dos polinesios.

ORIXE ETNOGRÁFICO-HISTÓRICO

Apuntado xa o feito de qu'o mito do lobishome atópase preferentemente no Norte d'Europa, temos ainda outros feitos:

(9) Marett, *The conception of Mana (The threshold of religion)*, London, 1914, e Jevons, *The definition of magic*, en «The Sociological Review», London, 1908.

O nome do lobo (*wulf* ou *wolf*) aparece bastamente nos nomes d'home dos xermanos: Ataulf, Beowulf, Wulfila, Wiliulf, etcétera, e lembremos de camiño qu'istes onomásticos perviven aínda na nosa toponimia: A Ulfe, Goldulfe, Gondulfes, Frexulfe, Nandulfe, Friolfe, Vilargundurfe, Aldurfe, Cendufe, Mañufe, Vilaestrofe, Magalofes, etc.... Nomes que se puñan con seguranza os guerreiros xermánicos, pol-o seu valor máxico, co-a sinificación de coraxe e forza que comunicaba ôs qu'o levaban, e pra s'identificaren, no principio, c'un antigo totem.

Por outra banda semella qu'a tradición francesa dos *Loup-garou* provén das ideas pagáas dos celtas. Os Druidas aseguraban, asegún Cesar, qu'os galos descendían d'un deus infernal ou nocturno, que levaba ô lombo unha pel de lobo. Iste deus foi con seguranza, orixinariamente un lobo, pois ademais, no tempo dos romanos identificárono con *Silvanus*, cazador de lobos e antigo lobo pol-o tanto. E tamén semella qu'o nome do héroe irlandés Cuchulainn ven do nome do lobo (10).

Ise deus lobo pai da raza galo-bretona foi probablemente un dos mais antigos totens céltigos. E ben pode ser unha supervivenza d'il, o *Urco*, lobo ou can nocturno de que moito se falou en Pontevedra (11).

O mito do lobishome ten pol-o tanto un orixe celto-xermánico. Mais si temos en conta a leenda de Rómulo e Remo, e os mitos do lobo en Grecia e na India, chegaremos a sospeitar se non será o lobo un dos primitivos totens da gran raza Arya... En calquera caso, a conservación do mito do lobishome é pra nós unha executoria de nobreza (12).

Tocantes o feito de s'emborcallar na terra pra se volver lo-

(10) H. D'Arbois de Jubainville, *Les druides et les dieux celtiques a forme d'animaux*, Paris, 1906, páx. 152.

(11) Murguía quixo derivar o nome do *Urco* do sánscrito *Urka*, lobo; en realidade, ven do latín *Orcus* (d'onde *ogro*) o cual indica ben o trátaese d'un deus infernal e da noite. Non deixa de ser curiosa a coincidencia e probablemente, as dúas verbas virán da mesma raíz indeuropea. Trátase d'outra divindade que se trocou en diablo.

(12) Os iniciadores da cultura clásica ou greco-romana, os fundadores de Roma e os gregos do Dypilon, eran arias, com'os celtas. O cual non quer dicir qu'a cultura clásica o sexa. O meu ver, a cultura clásica é esencialmente *mediterránea*, nada do ambiente do mar interior, sen qu'os invasores latinos ou dorios puxeran n-ela ren de verdadeiramente esencial, senon que mais ben desarianizáronse por induccion do ambiente. Mais ser, éranos no seu orixe.

bo, tamén refire Tácito dos Semnons, os mais nobres dos Suevos, que tiñan un bosque sagro onde cand'un caía ô chao, se non debía erguer, senon que tiña que surtir d'alí ôs rolos pol-a terra. Reinach atopa eiquí a ideia do benefizoso contauto co-a terra nai (13); pois cecais eiquí o lobishome, descendente lonxano do lobo, ô porse en contauto co-a nai terra, érguese revestido da sagra natureza do deus lobo, do lonxano pai da raza, coma si voltando simbólicamente â placenta primitiva, atopara a sua antiga e diviña natureza...

A LYCANTROPÍA NA PSIQUIATRÍA

Mais a lycantropía non é soilo unha creenza senon tamén unha doenza; ten habido licántropos; houbo quen se creeu lobishome. Os procesos seguidos contr'os lobishomes, principalmente en Francia, dende o século XVI, son tantos que non poden por menos de dar que pensar (14); qu'agora me lembre temol-os de Verdung e Burogt que confesaron térense volto lobos e ter devorado nenos, Gilles Garnier, de Lyon, acusado de lycantropía e antropofaxia e outros moitos. En 1800, Jean Grenier, citado por Andral, e despóis en todol-os libros de meiciña legal (15), atacado de lycantropía, andaba en coiro pol-a campía, coberto c'unha pel de lobo e comía os nenos qu'atopaba. Tampouco é o lobishome o único caso de zoantropía que se ten dado: os frades d'un convento d'Alemaña creíanse convertidos en gatos e púñanse a miañar de noite todos a unha (16).

A meiciña legal e a psiquiatría recollen istes e outros feitos, e non colle dúbida qu'ô delirio zoantrópico eisiste. O pensamento popular non iba tan descamiñado.

(13) S. Reinach, *Orpheus*, 2.^a ed., París, 1909, páx. 189.

(14) En col dos procesos de bruxería, vid. G. Vitoux, *Les limites de l'inconnu. La science et les sorciers*. F. Delacroix, *Les procès de sorcellerie au XVII^e Siecle*. J. Baissac, *Les Grands jours de la sorcellerie*. Florian-Parmentier, *La sorcellerie devant les temps modernes*.

(15) *Lecciones de medicina legal y toxicología*, sacadas de las explicaciones de don Teodoro Yáñez, catedrático de esta asignatura en Madrid, por don Félix Templado y Sánchez y don Diego Aguilera y Sánchez, Madrid, 1878. Cf. M. Barbaste, *Homicidio y antropofagia*.

(16) Citado por Templado y Aguilera, ob. cit., p. 150.

Ora, ¿cómo s'esprica esta loucura? Moitos alienistas modernos aseguran qu'a lycantropía era un tipo clínico artificial que se daba n'outro tempo e non agora, eisaxerando o típico da sua loucura os mesmos doentes por unha veira, e a xente co medo por outra. Din que non é unha doenza típica, senon un síndrome ô que van dar doenzas de moitas castes difrentes, coma son a psicose maníaco-depresiva, a dexeneración mental, a esquizofrenia, a epilepsia impulsiva, o histerismo delirante, etc. A lycantropía, coma caste de loucura, pertence â antiga clasificación da meiciña mental, qu'asegún o doutor Lafora (17), non faguía mais que describir e rotular os síndromes asegún se presentaban â ouservación vulgar: manía, melancolía, loucura razoadora, loucura alucinatoria, etc., namentras que despóis chegouse a criar unidades patolóxicas xuntando no mesmo proceso, ô rivés do que se facía, síndromes d'aparencia difrente, coma na psicose maníaco-depresiva de Kraepelin, pra vir hoxe dar en qu'os síntomas das doenzas mentás non son mais que eisaxeros das funcións normás do espírito.

O cual está moi ben pr'os alienistas; mais nós o que buscamos eiquí precisamente é o síndrome, a aparencia específica, o cadro de síntomas a que chamamos lycantropía. Coma queira que todos somos, quen mais quen menos, asegún o noso temperamento, esquizoides ou ciclotímicos, todos témolo camiño aberto pra chegarmos a lobishomes; mais non é isto o que buscamos, nin tan xiqueira por qué algús chegan a selo pol-a sua desgracia e os demais non, mais por qué chegan os que chegan; qué causas son as que determinían o que a sua doenza mental colla esa forma específica de se creeren lobos e obrar coma si o fosen.

E vénsenos ô maxín o pensamento de si o delirio zoantrópico non será unha supervivenza atávica d'estados d'esprito dos homes primitivos e dos salvaxes de hoxe. Freud —pido licencia a esta douta corporación pra citar un nome e un sistema hoxe vulgarizados de mais— insiste na semellanza antr'os estados d'alma dos neuróticos e dos nenos e os dos homes primitivos e dos salvaxes, e fundado n-esto, quer esprical-a formazón dos sistemas d'ideias dos primitivos, os tabús, o animis-

(17) En artigo publicado en «El Sol», de Madrid.

mo, o totemismo e a bruxería, pol-os procesos psíquicos qu'a psicoanálise descobre no incoscente dos neuróticos e dos nenos. Aínda fala d'un retorno infantil do totemismo que temos que têr moi en conta, pois proba, non coma poidera pensarse, a lei bioxenética de Haeckel —calquera cai a estas horas n-iste renuncio— senon que no noso incoscente perduran aínda, están alá a vivir eternamente, total-as ideas, total-os pensares, total-os estados d'alma dos nosos maiores, que non hai ren que se perda, que desapareza, que seña definitivamente esquecido; canto o home fixo ou pensou, alí fica vivindo pra sempre, nin mais nin menos que na conceición inda do *karma* (18); levamos conosco total-as tendencias ancestrás, e estas tendencias poden reapareceren en nós en determinadas circunstancias, poden vir perturbar-a nosa conciencia actual, provocando estados imitantes a aquiles.

O pequeno Arpad (19), de dous anos e meio, foi acometido por unha pita; o ano seguinte, cando volveu ô sitio, maxinou qu'il mesmo era unha pita (o totem), non pensaba mais que no curral, piaba e cacarexaba com'as pitas (remedo do totem) en lugar de falar. Ôs cinco anos recobrou a fala, mais non falaba mais que das pitas; afeizoouse a ver coma mataban as pitas (sacrifizo do totem), beilaba arredor da pita morta (danza sacrificial) e despóis acariñaba o cadavre, lavábao e beixábao (expiación da morte do totem). Decía qu'era fillo do galo (consanguinidade co totem), qu'il aínda era un polo, que cando medrara había ser pita, e cando medrara mais, galo. D'unha vez, negouse a comer *nai asada* (tabú da carne do totem).

A cousa confírmase c'unha chea de zoofobias que se convirten en zoantropías, mail-o caso d'Arpad é dos máis típicos: n-il atopamos total-os elementos do sistema dogmático e ritual do totemismo, e tamén a combinación dos dous sentimentos que lle dan orixe, e que levan ôs salvaxes e respeitaren ô totem e a sacrificalo e comelo en banquete ritual, pra choralo despóis.

(18) Vid. Vicente Risco, *Do futurismo e mais do Karma*, en «Nós», Ourense, núm. 34, Outono, 1926.

(19) Caso citado por S. Ferenczi (*Ein kleiner hahnemann. Internat.*) en «*Zeitschrift für aertzliche psychoanalyse*», II, 1913, I, núm. 3, e estudado por Freud en *Totem y Tabú*, ed. esp., Madrid, Bib. Nueva, p. 192 e seg.

Freud interpreta isto ⁽²⁰⁾ com'a violación ritual do tabú que protexe ô totem, sorte de pracer defendido pra gozar do cual compre primeiro identificarse co propio totem, ou seña asimilarse o seu poder, úneco xeito de podelo acometer impunemente.

Si Manuel Blanco Romasanta era de certo un lycántropo, o caso do pequeno Arpad pódenos axudar pra nos espricarmol-o seu caso: un acontecemento casual calquera pudo determinial-a sua manía; gran viaxeiro e frecuentador de serras, podeu ser acometido se cadra por un lobo, do cual veulle unha lycofobia que co tempo, e pol-a ambivalencia freudiana dos sentimentos, chegou a ser lycantropía. Ora s'il confesou tan doadamente os seus feitos, é se cadra porque no seu incoscente ditábanlle que quen peca revestido da natureza do totem, nin debe nin pode ser punido, coma non-o poden ser os que realizan o sacrificio do totem.

E abonda sobr'a lycantropía espontánea. Mais esta pode tamén ser provocada artificialmente, coma nos casos de suxestión hipnótica, antr'iles o practicado pol-o profesor Philips. Osendowski ⁽²¹⁾ refire un proceso de antropofaxia na Costa do Marfim, en Africa, ante as autoridades francesas, no que un bruxo, por medio de certos bebedizos e cerimoniais, faguía que uns cantos indíxenas se creeran trasformados en panteras e mataran e comeran â xente... Todos sabemos aliás, que pol-o hipnotismo téñense producido toda sorte de substitucións da persoalidade, incuso zoantropías. Pois, anqu'esto seña ir se cadra adiante de mais, por qué non imos relacioal-o cos posíbeles efectos suxestivos de maldizón? Hai suxetos qu'entran en estado hipnótico ou hipnoide c'unha soila verba que se lles diga. O caso de qu'o efecto suxestivo da maldizón produza o troque de persoalidade do home en lobo —efeito que se ten conseguido no sono hipnótico—, sería un caso de suxestión post-hipnótica, com'os que mencioan Grasset ⁽²²⁾, Morton Prince ⁽²³⁾, Bernheim ⁽²⁴⁾, Beau-

(20) *Totem y tabú*, páxs. 207 e segs.

(21) Nos seus viaxes por Africa, publicados en folletón en «El Sol», de Madrid.

(22) *Hipnotisme et suggestion*, Paris, 1904.

(23) *Dissociation d'une personnalité*.

(24) *De la suggestion et de ses applications a la therapeutique*.

nis (25), Liegeois, Jastrow (26) e outros moitos. Houbo casos en qu'a orde foi cumprida mais d'un ano despois de espertalo suxeto. Poidera acontecer qu'abondara un auto moi pequeno de suxestión pr'espertar na suscendencia o que n-ela dorme —as lembranzas totémicas e máxicas— e levar un home â lycantropía. A maldizón é un mandato enérxico afeito pr'impresionar a calquera, e n-un maxín de xeito obsesivo, n-unha natureza psicopática ou histérica, poidera ser que tivera atal poder que poidera provocar na vítima o delirio lycantrópico...

LYCANTROPIÁ NA METAPSÍQUICA E NO OCULTISMO

O hipnotismo lévanos â metapsíquica. A metapsíquica áchase aínda na fase precentífeca; establece e clasifica somentes, os fenómenos estudados pol-o ocultismo tradicional. Dos seus inquéritos, podemos reter dous feitos xerás que sirvan ô noso propósito: o poder do pensamento e a esteriorización do ectoplasma. Semella comprobado que nos fenómenos pseudo-espíritistas, o medium emite e bota fora do seu corpo un outro corpo fluídico, qu'en determinadas condicións faise visíbele e palpábele, ben co-a semellanza do medium, ben c'outra semellanza distinta (27).

Iste corpo fluídico co que parez qu'o medium realiza os efectos que semellan maravillosos, non é outra cousa qu'o *corpo astral* dos ocultistas, sorte d'intermeio antr'a y-alma e o corpo visíbele, que ven ser o *ka* dos exipcios, o *nephesch* dos hebreos, o *Evestrum* de Paracelso, a *y-Alma vital* de Roberto Fludd, ou a *sensitiva* de Van Helmont, o *Linga Sharira* dos teósofos indianistas, corpo lumioso, composto d'esa supermateria difusa e supremamente enerxética qu'os ocultistas chaman *Luz Astral*, e da que xa demos n-outro lado os moitos nomes.

Co-istes elementos, imos ver o que un ocultista autorizado, o famoso Eliphas Levy, nos conta dos lobishomes (28):

(25) *La suggestion.*

(26) *Subconscience.*

(27) Dr. Geley, *L'ectoplasme.*

(28) *Dogme et rituel de la haute magie*, cap. XIV.

«Falo da *lycantropía* ou da transformación nocturna dos homes en lobos, tan soada nos seráns dos nosos labregos, polas historias dos lobishomes, historias tan ben compostas, que pr'espricalas, a cencia incrédula, recurriu a loucuras furiosas e a disfrazamentos de bestas. Mais semellantes hipótesis son puerís e ren esprican. Busquemos n'outro lado o segredo dos fenómenos ouservados co-iste gallo; e comprobemos pirmeiramente:

«1.º Que endexamáis ninguén foi morto por un lobishome se non foi por sofocamento e sen efusión de sangue nin ferida.

«2.º Qu'os lobishomes cercados, perseguidos e ainda feridos, endexamáis foron mortos no terreo.

«3.º Qu'as persoas sospeitadas d'estas transformacións foron de cote echadas nas suas casas, despóis da cazata do lobishome, mais ou menos feridas, algunhas vegadas morrendo, mais sempre na sua figura natural...

«...Xa temos falado do corpo sideral e dito que é o intermediario antr'a y-alma e o corpo físeco ou material. Ise corpo queda xeneralmente esperto, namentras qu'o outro dorme, e traspórtase co noso pensamento en tod'o espazo que ll'abre diante a imantación universal... A figura do noso corpo sideral está conforme co estado habitual do noso pensamento, e modifica pouco e pouco os rasgos do corpo material. Por isto é pol-o que Swedemborg nas suas intuicións sonambúlicas, vía moitos espritos en figura de diversas bestas... Estrevámonos a decir agora qu'un lobishome non é mais qu'o corpo sideral d'un home, de quen o lobo repersenta os istintos salvaxes e sanguinarios, e que namentral-a sua pantasma pasea asina pol-a campía, dorme penosamente no leito e soña que é un verdadeiro lobo.

«O que fai ô lobo visíbele, é a sobrescitación case sonambúlica causada pol-o espanto dos qu'o ven, ou a disposición mais particular nas persoas sinxelas do campo, de se poren en comunicación direita co-a luz astral, que é o meio común das visións e dos soños. Os golpes dirixidos contr'o lobishome firen de certo â persoa dormida, por conexión ódica e simpática da luz astral, por correspondenza do corpo inmaterial co corpo material».

Lembra o singular abade francés qu'unha espricación semellante ten a influencia da maxinación da nai no feto, e a produción dos estigmas orgánicos dos histéricos. Engaderemos nós que viaxando no corpo astral é coma se cadra van as nosas bruxas a Sevilla... Todo s'esprica n-iste mundo: onde non chega a ciencia, chega a soberbia.

E esta derradeira espricación, se non concorda de todo co-a outra, tampouco se ll'opón com'incompatíbele. E ten pol-a sua parte a ventaxa de nos amosstrar reproducidas no ocultismo medieval e na moderna metapsíquica, e acevadas por moitos homes de ciencia, as conceicións animistas dos homes primitivos...

DISCURSO

RE M A T E

O estudo d'unha causa de sona, levoume, señores Académicos, a presentar â vosa ilustrada consideración feitos e doutrinas que tocan a moitas ramas do saber e singularmente a etnografía. Penso e teño pra min, que d'iste meu traballo en tod'o seu curso, pesi-a sua pouquidade, poderíanse tirar unha boa presa de conchusións desconcertantes pr'os apegados âs ideas recibidas comunmentes; mais non é arestora a ocasión. Eu viñen eiquí querendo ser somentes etnógrafo. E no intre, abonda qu'eu deixara na vosa concencia a verdade de que Galiza ainda nas suas supersticións amosstra a crareza da sua aboenza, o illustre da sua caste; o mito do lobishome é unha peza honorábele no noso limpo brasón.

DIXEN

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

APPENDIX

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

INDEX

As portas da Real Academia Gallega abrironse para de van a van, para dar entrada e recibir a toda honra un benemérito co-
quitos, pois fal longas a
quitos, pois fal longas a
quitos, pois fal longas a
quitos, pois fal longas a

DISCURSO

DE

DON RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ

A lantura que acabados de escribir, trípalla etimológica, de
ríant sobre felicidade, no que a sabencia erudita agotando o
uma cabana e empicre o detido estado analítico d'un caso de
bicarívola e det fermosos versos, fupda e cognosce certidura
resolvida a seu redor, a sulta suta característica deste caso e
adevogado campaleiro, un ylla de universalidade e de un
brazo que por si solo amfificaria o acento da elección acadé-
ca. O qubar, como e de jama, son bon acordo comentar todo
que aberra de que vos non acompellara o nomeo equid dente
non chamado a dente, con competende e pallera que de un
dehiga, cometa o seu dente. A dente doo queo lantura
e un mitea devocion pol os honra e os lanta da nosa Terra,
privado do fudo antio critico que eñe paco dar condicón
concentra e longos e académica preparacón, son un preber-
des que me supere de responta antinda admistrativa. E así,
perdundese nante as mitea verbas honrada a un dente ant
do de lantura, venando a boe cura e moito que vos tefe de
agradecido honra en encara, porque esquecend o moito de lo
que eñe mitea devocion axilada, son por en crapala bofona de

DISCURSO

DE

DON RAMÓN CABANILLAS ENRIQUETA

As portas da Real Academia Gallega ábrense oxe, de van a van, para dar entrada e recibir, a toda honra, un benamado esquiretor que fai longos anos ten n-ela asento espritoal. Pódese decir, con verdade, que a xuntanza d-este día non é mais que o cumprimento protocolario d-un acordo, xa que, de feito, pol-a sua influencia literaria, pol-o seu entravamento ideolóxico con todos nós, repetidas vegadas foron tidos en conta e consultados con garimosa devoción n-este fogar, dándolles cumprida autoridade, os lumiosos estúdeos e as páxinas brillantes que a cultura galega debe a Vicente Martínez-Risco.

A leutura que acabades de escoitar, traballo etnográfico, de racial sabor folklórico, no que a sabencia erudita esgotando o tema reforza e compreta o detido estúdeo analítico d-un caso de lycantropía e das fermosas versióis, lendas e creenzas rexionaes recollidas ô seu redor, é unha obra carauterística d-este novo e admirado compañeiro, tan chea de universalidade e de enxebreza que por si soia xustificaría o acerto da eleución académica. Ô gabar, como é de razón, este bon acordo, somentes teño que doerme de que vos non acompañara ô nomear aquel d-entre nós chamado a darlle, co-a competencia e galanura que lle son debidos, contesta ô seu discurso. A despeito dos meus fervores e das miñas devocióis pol-os homes e os feitos da nosa Terra, privado do fondo sentido crítico que soio poden dar condicións conxénitas e longas e metódicas preparacióis, non me preguedes que me sopare da respetosa autitude admirativa. E así, perdoádeme axuste as miñas verbas homildes a un sinxelo saúdo de benvida, tomando a boa conta o moito que vos teño de agradecer a honrosa encarga, porque, esquecendo o medo de lle non dar cumprimento axeitado, me pon en ocasión ledizosa de

deixar aquí testimonio do sentimento de irmandade que nos xungue e da obriga de reconecimento da nosa Terra con tal fillo de bendición.

* * *

Vicente Risco é o ensayista esgrevio —esgrevio no puro significado do adxetivo, é decir, fora da grea, por riba da multitude— de mais fonda e proteica laboura antre os ardorosos loitadores da renacencia que surdiron a comenzos do presente século. A alma da Galicia —da probe Galicia tanto tempo mirada a torto, xuzgada sin xucio e rexida a contrapelo— non amos trara por aquel entón, en plenitude, mais que toda a lumiosa beleza do seu lirismo. As veredas que levan as intimidades do seu ser estaban atrancadas e cubertas de silveiras. Salvando os nomes goriosos, cen veces loubables, de Murguía e López Ferreiro, Vicetto e Villaamil, Brañas e algúns outros, por non falar mais que dos chamados a Deus, escasos son os sinalados no rexistro dos que puxeron varil esforzo en furar as sombras do pasado, recoller a sabencia do pobo, limpar os arquivos cubertos de poeira e escudriñar as posibilidades do porvir. Foi a devandita xeneración, c-o consello e axuda, garimosos e sabidores, dos que ficaban da derradeira, a que prosiguen os vellos camiños raciaes, derrubando os sombrizos valados, rozando e queimando as herbas bravas e abrindo os sulcos para novas sementeiras, animada d-unha forza invencibre: o amor â Fala e, pol-o tanto, ô seu cultivo, que deron pé ô erguemento das Irmandades. Os novos cruzados sabían que a lengoa d-unha raza é a sua mesma alma prástica; leva, en Murguía, que o pobo que conserva e mantén o seu idioma ten nas mans as chaves que abrirán as portas da sua prisión; e pensaba, con Leibnitz, que os mapas dan a coñecer os lindeiros dos Estados, mais os das Nacións siñálannos a armonía das lengoas, porque os seus espritos sempre vixiantes maniféstanse na fala e nas costumes.

Nas apretadas fileiras dos que se dispuñan a loitar tomóu Vicente Risco posto primeiro. Non era certamente un descoñecido, que persoal laboura puxera xa circo fúlxico ô seu nome. Atento a todas as voces novas e resoantes, n-unha longa riola de artigos publicados c-o rubro de Rujo Sahib no xornal o

«Miño», de Ourense, dera a conocer as fermosas producións de esquirtores lonxanos e as inquedades que encendian os corazóns nas mais extrañas terras: n-unha sonada conversa sostida no Ateneo de Madrid, outamente gabada por Roso de Luna, o mestre máxico da escola orientalista, discurrira longamente encol das axitacións e doutrina teosóficas, estudeando d-unha maneira xurdia aquela admirabile Elena Blavasky, de emocionante historia, fundadora dos Clubs dos Miragros, ferida en Mentana, formando como soldado nas hostes de Garibaldi; e debíaselle, tamén, as primeiras novas d-un grande poeta que oxe ten un dos postos mais escrarecidos na literatura mundial, Rabindranath Tagore, o maravilloso cantor do sufrimento, o aedo hindú, sin parexa, de «O xardineiro» e «A lua no crecente», que soupo ver na homilde froriña campesía unha forza mais viva e parente que no meirande e abatido cañón Maxim.

O conocimiento da vida e cencia brahamínicas e o seu entusiasmo pol-a natureza, levárono, como da man, ô estudeo e cultivo da teosofía, fundando e dirixindo en Ourense «La Centuria», revista de espallada sona na que fixo patente o seu certo espírito crítico e publicou o fermoso e xenial «Preludio a toda Estética futura» que foi como una frecha que se cravou vibrante no corazón das mocedades literarias.

Ô tomar corpo o sentimento nazonalista galego Risco atopa o seu vieiro. Levo nida nos ollos a visión e no peito o relembro saudoso que arrolaréi a vida enteira, d-aquela hora de bocanote en que os congregados da Xuntanza de Lugo, feixe de corazóns a arder nun amor delirante â nosa Terra, ollamos erguerse a miuda e senoril figura de Vicente Risco para proqramar con verbas de maravilla, acesas de ternura, unxidas de saudade, unha afirmación racial, un enxebre postulado que ficou voando encol de nós como unha pomba de misterio sagro: a soberanía estética da nazon galega.

Dentón, xurada a nova bandeira, douse por enteiro â Causa e nas revistas «A nosa Terra» e «Rexurdimento» atópase, número tras número, o seu pensamento guiador, filosofando e buscando a canle mais doada ô movemento. Pouco dimpois apareceu o seu libro «Teoría do Nazonalismo Galego», expresión das arelas raciaes e síntesis dos feitos estruturales que as xustifican. No degaro de Risco, en quen o literato crítico rube sempre

por riba do literato creador, está de cotío o presentar ôs leutores a esencia, o fondo diviño das causas, porque en toda a súa obra hai unha profunda cimentazón cultural e meditativa. Esto lle da unha forza de eternidade âs súas creacións, pois si en arte se pode falar de novo e de vello e somentes pol-o que fai ô instante: esquecidas as modas velaiñas fica e resta o sustantivo, o fondo, aquilo que foi sentido con íntima sensibilidade. Home que camiña a compás da súa obra, advírtese n-ela que a literatura e a mais pequena das súas cavilacións, e así, das súas novelas —«Os europeos en Alvantes», «Do caso que lle acontecéu ô Dr. Alveiros», «O lobo do mar», «O porco de pe», tan loubado pol-a crítica, e outras—, pódese decir que son, pol-o principal, ensayos e estúdeos anovelados, modalidade que defende Azorín, dando por morta a novela do tipo vello, en notabre artigo, estas vegadas publicadas, no que sinala como o mais outo cultivador da nova arqueoloxía o mestre esgrevio don Miguel de Unamuno.

Longas páxinas enchería a relación e reconto das súas conferencias e dos incontabres traballos xornalísticos na prensa da rexión e na das Américas, notabres pol-a diversidade dos temas e das disciplinas tratadas. A labor dos derradeiros tempos entrou de cheo na Etnografía, dirixindo a seución de esta ciencia no Seminario de Estudos Galegos e publicando unha admirable monografía de «O Castro de Caldelas». A revista «Nós», que fundou con Castelao, Lousada Diéguez e Nogueiro, e que é a mais outa tribua da cultura galega, conta por ducias os seus meritísimos traballos. Con empeño afervorado recolléu canto se refire â nosa mitoloxía, seguro de que o mito e sempre a cortiza que cobre unha verdade étnica. Como poucos puxo todo o corazón en dar â nosa Terra unha fisonomía moral e esto non como desfiado d-unha teoría sinón como fillo d-un sentimento. Porque sinte a xuntanza da natureza co-a divindade, ama mais a India co-as súas fermosas lendas que a Grecia fachendosa e verbalista. E, pois, fundamente relixioso, c-un catolicismo de tenra e doce piedade campesía.

* * *

Novos tempos se aveciñan. Coido que homes como Vicente Risco cortarán inda moitos loureiros para levalos en ofrenda ô altar da Terra. Non sei si os que con él surdimos â vida do Arte temos xa de ser contados antre os vellos. Do que estóu certe é de que acrarados os hourizontes, pasadas as horas de cerrazón e de chuviskas, barridas as néboas, os novos días primaveraes, limpos e lumiosos, en que os pensamentos e as verbas voen ceibes como paxaros, atoparánnos en pe, en medio do camiño, dispostos a xuntar as nosas voces afervoadas âs novas voces que entoen o canto da partida, seguindo o viaxe sinalado â nosa raza, do brazo da Saudade, sempre cara ô sol.

ESTE DISCURSO,
«UN CASO DE LYCANTROPIA (O HOME-LOBO)»,
DE
VICENTE MARTINEZ-RISCO,
IMPRETOUSE
NOS TALLERES TIPOGRAFICOS DA
EDITORIAL MORET, DA CRUÑA,
MERCÉ A XENEROSA AXUDA DE
DON ALVARO GIL VARELA,
MEMBRO CORRESPONDENTE DA
REAL ACADEMIA GALLEGA

